



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 04 DE MAIO DE 2016.-**

---

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día catro de maio de dous mil dezaseis, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**
- **D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**

**Non asiste D<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Alvarez**

**Asiste como Secretaria a do Concello D<sup>a</sup>. Julia M<sup>a</sup>. Carrasco Glez.-Alegre.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

#### **PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR (ORD. 19.04.2016)**

---

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado día 19 de abril de 2016 ó que responden negativamente os concelleiros presentes na mesma, polo que a referida acta foi aprobada pola unanimidade dos presentes nela.

#### **PUNTO 2.- SUBVENCIONS**

---

Visto que na acta de Xunta de Goberno Local de data 24 de febreiro de 2016 adoptouse o seguinte acordo:

*Vistas as bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016 da Deputación Provincial de Pontevedra publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 233 de 2 de decembro de 2015, e dentro da liña 3 de dita convocatoria, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, ACORDA:*

*Primeiro.- Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada "RAMPA DO PIRUN", asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.*

*Segundo.- Aprobar o proxecto técnico, memoria descritiva ou documento técnico análogo denominado RAMPA DO PIRUN.*

*Terceiro.- Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 39.884,10 euros con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016.*

Comprobado que se produxo un erro material na transcripción do nome do proxecto técnico xa que a denominación correcta do mesmo é "Rehabilitación e construción de mirador" permanecendo inalterable o contido do propio proxecto e do resto da documentación



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local acorda modificar o acordo da sesión de data 24 de febreiro de 2016 mantendo inalterable o contido do proxecto e o resto da documentación, de tal xeito que a súa redacción definitiva é:

Vistas as bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016 da Deputación Provincial de Pontevedra publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 233 de 2 de decembro de 2015, e dentro da liña 3 de dita convocatoria, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, ACORDA:

Primeiro.- Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada "REHABILITACIÓN E CONSTRUCCIÓN DE MIRADOR", asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo.- Aprobar o proxecto técnico, memoria descritiva ou documento técnico análogo denominado "REHABILITACIÓN E CONSTRUCCIÓN DE MIRADOR".

Terceiro.- Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 39.884,10 euros con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016.

Dase conta das Bases Reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o exercizo 2016 publicadas pola Deputación Provincial de Pontevedra no Boletín Oficial da Provincia de data 28 de abril de 2016.

A Xunta de Goberno Local, vistas estas Bases, adopta o seguinte ACORDO:

1. Que coñece e acepta as bases da convocatoria e os compromisos que nela se inclúen.
2. Adherirse ó Plan de servizos sociais comunitarios municipais da Deputación de Pontevedra para o 2016, de acordo coas bases establecidas na convocatoria.
3. Aceptar o compromiso de realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do Plan e completar coa súa achega económica os módulos obxecto de financiamento.
4. Aceptar o compromiso de publicitar a achega provincial e de facer constar sempre o financiamento da Deputación en todas as comunicacións coa que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou por internet. Comprométese a situar nun lugar visible do propio centro de Servizos Sociais Comunitarios Municipais un cartel informativo que faga constar o cofinanciamento da Deputación e a proporcionarlle ó persoal contratado para o servizo de axuda no fogar (sexa persoal propio ou por contratación de empresa) as tarxetas identificativas do servizo subvencionado.
5. Facultar expresamente o alcalde ou representante da entidade local para todo o relacionado coa tramitación e xestión deste acordo e do expediente correspondente.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **PUNTO 3.- EVENTOS SINGULARES NO AUDITORIO SAN BENITO**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte relación de actos de especial relevancia que se van a levar a cabo no Auditorio de San Bieito acolléndose a excepcionalidade que recolle a Ordenanza Xeral de Ruidos pola cal "...o Concello poderá autorizar unha ampliación determinada de carácter temporal e xustificada, nos niveis máximos no ambiente exterior, en puntos determinados do termo municipal, atendendo a eventos singulares programados tales como celebracións, feiras, festas ou manifestacións, ó mesmo tempo que se darán as ordes precisas para reducir ó máximo as molestias ós cidadáns." Asimesmo acorda notificar este acordo ó Hotel Convento San Benito e poñelo en coñecemento dos veciños mediante un Bando de Alcaldía.

A relación de actos que se van a levar a cabo no Auditorio San Bieito durante o verán son:

DATA HABITUAL DE CELEBRACIÓN	DATA DE CELEBRACIÓN 2016	NOME DO ACTO-ORGANIZADOR-DESCRIBCIÓN
	17 DE MAIO	DÍAS DAS LETRAS GALEGAS <i>Organiza: Agrupación Cultural Guardesa</i> Festival de baile folklórico con grupos locais e algún grupo invitado En horario de tarde, a partir das 17:30 horas.
XUÑO-XULLO	25 DE XUÑO	XII FESTIVAL LUSO-GALAICO XAMARIANA <i>Organiza: Asociación Cultural Xamaraina</i> Festival de baile folklórico no que participan grupos locais e grupos invitados de Galicia e Portugal. Celébrase ás 20:30 horas.
XUÑO-XULLO	8 de XULLO	XII FESTIVAL DE BAILE MODERNO XAMARAINA <i>Organiza: Asociación Cultural Xamaraina</i> Exhibición de baile moderno no que participan un gran número de nenas da vila (grupo Xamaraina e alumnos dos colexios) Celébrase ás 20:30 horas.
Arredor do 25 de Xullo	24 de XULLO	XXIII ENCONTRO DOS POBOS <i>Organiza: Asociación Cultural Lusco e Fusco</i> Festival folklórico internacional que se celebra dende hai máis de 20 anos en tódolos concellos do Baixo Miño (Oia, Tomiño, Tui, O Rosal e A Guarda). A partir das 20:00 horas.
	25 de XULLO	ESPECTÁCULO FAMILIAR "PETER PUNK" <i>Organiza: Concello da Guarda - AGADIC</i> Espectáculo cultural dentro da rede Cultura no Camiño (VIII centenario da peregrinación de San Francisco de Asis) A partir das 20:00 horas.
Último fin de semana de Agosto	22 de AGOSTO	X FESTIVAL DE BANDAS VILA DA GUARDA <i>Organiza: Agrupación Musical da Guarda</i> Concerto de bandas de música, no que participan bandas musicais procedentes de distintos lugares de Galicia, no que a Banda Guardesa participa como anfitrioa. A partir das 19:00 horas.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Ademais dos eventos sinalados anteriormente, tamén é obrigado ter en conta aqueles que programe a Asociación o Cancelón con motivo das Festas do Monte

### **PUNTO 4.- CUOTAS DO MERCADO MUNICIPAL**

---

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de ABRIL de 2016 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

### **PUNTO 5.- INFORMES DE SERVIZOS SOCIAIS**

---

Lese o escrito R.E. n.º 1.710 de data 16 de marzo de 2016 presentado por D<sup>a</sup>. C.V.R., con enderezo na rúa Enrique M<sup>a</sup> Sesto, n.º 7-1<sup>º</sup> esq. da Guarda solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Enrique M<sup>a</sup> Sesto, n.º 7-1<sup>º</sup> Esquerda.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda denegar a súa solicitude posto que os ingresos obtidos da declaración da renda da unidade familiar superan, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional.

Lese o escrito R.E. n.º 1.505 de data 7 de marzo de 2016 presentado por D<sup>a</sup>. M.J.M.S. con enderezo na rúa Enrique M<sup>a</sup> Sesto, n.º 7-1<sup>º</sup> dereita da Guarda solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Enrique M<sup>a</sup> Sesto, n.º 7-1<sup>º</sup> dereita.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito R.E. n.º 2.416 de data 20 de abril de 2016 presentado por D<sup>a</sup>. M.P.A.D. con enderezo na rúa República Dominicana, n.º 30-2<sup>º</sup>B da Guarda solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa República Dominicana, n.º 30-2<sup>º</sup>B.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ó solicitado.



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**PUNTO 6.- INSTANCIAS**

---

Dase conta do escrito RE 2.528 de data 22 de abril de 2016, presentado por WWF ESPAÑA, con enderezo na rúa Gran Vía de San Francisco, nº 8 de Madrid, agradecendo a participación do Concello da Guarda na Hora do Planeta 2016 e proponendo unha moción ó respecto para o vindeiro pleno municipal.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada e sinala que o Concello da Guarda está disposto á colaborar e difundir todas as iniciativas neste eido.

*Sendo as nove horas e trinta minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.*